

Préstamo de dispositivos electrónicos (lectores de libro electrónico, ordenadores portátiles e tabletas)

Requisitos

Para acceder ao servizo de préstamo de lectores de libros electrónicos é preciso ser usuario/a con carné da biblioteca e maior de 18 anos, e non ter préstamos sobrepasados nin sancións.

Condicións do préstamo

Cada persoa usuaria pode levar en préstamo un só lector de libro electrónico e un portátil ou tableta.

Os lectores de libro electrónico préstanse a domicilio por un prazo de 21 días, con posibilidade dunha renovación.

Os ordenadores portátiles e as tabletas non se prestan a domicilio, senón que o seu uso é exclusivamente dentro da biblioteca. Préstanse por un día, e deben devolverse unha hora antes do peche da biblioteca.

Normas de uso

A persoa usuaria debe facer un uso responsable do dispositivo, empregándoo unicamente para fins lícitos. Non debe descargar ou visualizar contidos cos que vulnere o dereito á propiedade intelectual.

É necesario asegurarse de coñecer o funcionamento do dispositivo, para evitar manipulalo de forma incorrecta, e non empregar accesorios non compatibles ou en mal estado que poidan supoñer un risco para o equipo.

Débese prestar especial coidado á hora de acceder a páxinas web ou arquivos susceptibles de introducir virus ou outros programas maliciosos.

Debe evitarse modificar a configuración do software dos aparatos.

Devolución

O equipo debe devolverse nas mesmas condicións nas que se recolleu, incluíndo os seus accesorios e periféricos, cando os teña.

A devolución debe facerse sempre no mostrador.

Unha vez devolto o dispositivo, reconfigúrase e restáurase ao estado inicial. Así mantense a privacidade entre os distintos usuarios e usuarias do servizo que fan uso do aparato e permítese ter sempre en perfectas condicións o dispositivo. Polo tanto, é importante gardar os arquivos persoais nalgunha ferramenta de almacenamento e non no propio equipo, xa que se perderán.

Responsabilidade

No caso de perda ou dano do equipo ou dalgún dos seus accesorios, a persoa usuaria debe reparalo ou substituílo por outro de similares características, cuxo valor aproximado se acordará coa biblioteca. Mentres non se realice a reposición, a persoa usuaria non poderá levar ningún material en préstamo.